

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal. Coñecemento do contorno. Linguaxes: comunicación e representación.	Pág.	1/2
Curso / Ciclo	4º de Educación Infantil.		
Profesor/a	Magdalena Tapia Gil		

COMPETENCIAS BÁSICAS

O neno ten que ser capaz de actuar de modo eficaz nun contexto. Xúntanse tres formas de saber: *Saber teórico* (coñecementos), *saber práctico* (habilidades e destrezas) e *saber ser* (actitudes). Competente é quen “sabe” e “pode”. Son as seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística.**
- **Competencia matemáticae competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
- **Competencia dixital.**
- **Competencia en conciencia e expresións culturais**
- **Competencia social e cívica.**
- **Competencia para aprender a aprender.**
- **Sentido da iniciativa , espírito emprendedor e autonomía.**

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

Non existe unha única intelixencia xeral senón un conxunto de intelixencias, estas poden modificarse si se proporcionan os estímulos adecuados. Son as seguintes:

- **Intelixencia lingüístico-verbal:** refírese a capacidade para utilizar a linguaxe.
- **Intelixencia lóxico-matemática:** refírese a capacidade para utilizar os números de xeito efectivo e razoar adecuadamente.
- **Intelixencia espacial:** refírese a capacidade para visualizar imaxes mentalmente.
- **Intelixencia corporal-cinestésica:** é a capacidade de utilizar o corpo para expresar ideas e sentimentos.
- **Intelixencia musical:** é a capacidade par discriminar as formas musicais, sentir o ritmo, o ton, a melodía, o timbre,...
- **Intelixencia interpersoal:** é a capacidade para entenderse sos demais e relacionarse con eles.
- **Intelixencia intrapersoal:** é a habilidade para coñecerse a si mesmo e organizar e dirixir a propia vida.
- **Intelixencia naturalista:** refírese á capacidade para observar e percibir as relacións entre as especies e grupos de obxectos.

OBXECTIVOS

- Identificarse a “un mesmo” en relación cos outros e desenvolverse autonomamente no medio.
- Recoñecerse como autor das súas propias condutas.
- Explorar e identificar as principais partes do corpo.
- Localiza- los distintos órganos dos sentidos e coñecer as súas funcións.
- Coñecer as nocións básicas de orientación no espazo e no tempo.
- Progresar na coordinación visomanual necesaria para manexar e explorar

obxectos. - Identificar aos membros da familia e as funcións que desempeñan. - Tomar en consideración a opinión e os sentimentos dos demais. - Ter unha actitude positiva para coidar e compartir os xoguetes e obxectos coas outras persoas. - Observar e describir obxectos, láminas, carteis, fotografías. - Seguir a orde cronolóxica na narración dunha historia ou conto e ordenar as secuencias das escenas significativas da mesma. - Iniciación á lectura. - Identificar formas xeométricas. - Recoñecer algúns números e cuantificadores.
CONTIDOS
- As cores básicos, mesturas e iniciación a graduación. - Partes e características do corpo. - Os sentidos: vista, oído, olfato, gusto e tacto. - Hábitos de aseo persoal. - A escola: dependencias e obxectos. - O outono. O magosto. - O inverno. Tempo e roupa característica. - O Nadal. Costumes e características. Os xoguetes. - A primavera. Tempo e roupa característica. - O entroido en Galicia. Os maíos. - A rúa: elementos principais. - A familia: os seus membros e as actividades cotiás. - O lume, o aire, a terra, o mar e a auga. - As plantas: ciclo vital. - Os animais. - Transportes por terra, mar e aire. - Os oficios e profesións. - Vocabulario. Contos, adiviñas, trabalínguas, rimas e poesías. - Pintura. Estampación. Recorte. Rasgado. Picado. Pegado. Cosido. Enrugado. - O círculo. O cadrado. O triángulo. O rectángulo. - Conceptos espaciais, temporais, de cantidade..., N^{os} ata 3. - Series e clasificacións.
METODOLOXÍA
- Atender as diferenzas individuais dos nenos/as, tendo en conta o seu nivel de desenvolvemento e os coñecementos previos. - Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, o neno/a ten que relacionar o que xa sabe co que vai a aprender. - Principio de globalización na percepción do neno/na. - Cultivar a memoria comprensiva. - O xogo como actividade propia, motivadora, reflexiva e non simplemente manipulativa, estimuladora dos procesos internos.
CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Instrumentos de avaliación: • <i>Avaliación inicial:</i> enquisas de inicio de curso (nenos/as novos). Traballos individuais (formato libre).

- *Avaliación continua:* mediante observación directa do alumno/a na aula, traballos individuais (formato libre), anotacións na axenda da profesora, boletíns informativos.
- *Avaliación final:* entrevista cos pais e nais. Anotacións axenda profesora. Informe final do alumno/a.

Criterios de avaliación:

Éstes analízanse en **estándares de aprendizaxe** avaliábeis e en **indicadores de logro**.

- Iniciarse no coñecemento e utilización da linguaxe.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas.
- Axudar os seus compañeiros e mostrarse colaborador/a.
- Aprender, reforzar e afianzar contidos a través da linguaxe plástica.
- Desenvolver habilidades a través do corpo.
- Desenvolver o pensamento e o razoamento lóxico para a resolución das actividades e tarefas.
- Utilizar os medios tecnolóxicos para desenvolver as habilidades.